

O nome do mar Exeo



Minotauro

Teseo, na mitoloxía grega, o maior heroe ateniense, fillo de Exeo, rei de Atenas e de Etra, filla de Piteo, rei de Trecén. Aos 16 anos, Teseo, que se educara en Trecén, foi a Atenas a reclamar a Exeo como seu pai. O mozo decidiu facer a viaxe por terra, despexando o camiño de bandidos e monstros e inflixíndolles o mesmo tipo de morte que eles lles deran ás súas vítimas. Entre os malvados ós que matou estaban Escirón, Sinis e Procrustes.

Teseo chegou a Atenas cunha espada e un par de sandalias que Exeo deixara ao seu fillo en Trecén. Medea, a muller de Exeo, intentou envenenalo, pero en canto Exeo recoñeceu as prendas familiares, proclamou a Teseo seu fillo e herdeiro e desterrou a Medea.

Da quea Atenas tiña que enviar a Creta todos os anos sete mozos e sete mozas que eran utilizados como alimento de Minotauro. Teseo mostrouse disposto a acabar con eses sacrificios inútiles e ofreceuse a se mesmo como unha das vítimas. Antes de partir díxolle ao seu pai que si saía victorioso a vela do seu barco sería branca, si morría o barco volvería cunha vela negra. O Minotauro era fillo de Pasifae, raíña de Creta, e dun touro branco como a neve que o deus Poseidón enviara ao marido de Pasifae, o rei Minos. Cando Minos se negou a sacrificar o animal, Poseidón fixo que Pasifae se namorara del. Despois de dar a luz ao Minotauro, Minos ordenou ao arquitecto e inventor Dédalo que construíra un laberinto tan intricado que fora imposible saír del. Alí foi encerrado o Minotauro e o alimentaban con vítimas humanas que Minos esixía como tributo de Atenas. Cando Teseo chegou a Creta, a filla de Minos, Ariadna, namorouse del. Ariadna ofreceuse a axudalo se lle prometía que a levaría a Atenas e casaría con ela. Entón deulle un nobelo de fío que el suxeitou á porta do laberinto e foi soltando a través do seu recorrido. Cando se atopou co Minotauro durmido, golpeouno ata matalo, salvando tamén aos demais mozos e mozas condeados ao sacrificio facendo que seguiran o recorrido do fío ata a entrada.

Levando a Ariadna con eles emprenderon a viaxe de volta a Atenas. Detivéronse na illa de Naxos. Teseo deixou a Ariadna na illa para que se recuperara dos mareos e el voltou ao barco para facer uns traballos. Un forte vento empurrou o barco a alta mar e cando voltaron á illa Ariadna xa morrera. Seguiu a viaxe para Atenas, sen embargo, esqueceuse de izar unha vela branca que representaba a súa victoria sobre o Minotauro. Exeo, ao ver unha vela negra, creu ao seu fillo morto e tirouse dende unha altura rochosa ao mar, que dende entón coñécese como mar Exeo.

COMPRESIÓN DO TEXTO

1. Quen era Teseo?
2. Quen era Ariadna?
3. Que fixo para non perderse no laberinto?
4. Que aspecto tiña o minotauro?
5. De que se alimentaba o minotauro?
6. Onde estaba escondido o minotauro?
7. Como derrotou Teseo ao Minotauro?
8. Que ocorreu na illa de Naxos?
9. Que se esqueceu de facer Teseo?
10. Por que lle puxeron o nome de Exeo ao mar?

